

LATÍN

OPCIÓN 1

Avaliacións máximas: tradución: 7 puntos, cuestión gramatical: 1.5 puntos, cuestión teórica: 1,5 puntos.

1. Traduce UN dos seguintes textos:

Texto A

Fazañas de Pompeio en diversos lugares.

Pompeius mox etiam Albanis bellum intulit et eorum regem Oroden ter vicit, postremo per epistulas ac munera rogatus veniam ei ac pacem dedit. Hiberiae quoque regem Artacen vicit acie et in deditionem accepit. Armeniam minorem Deiotaro, Galatae regi, donavit, quia socius belli Mithridatici fuerat.

Nota: *Albani*= “albanos”, habitantes de Albania, os Partos. *Hiberia*= “Hiberia”, país veciño de Albania.

Texto B

Un paxaro parvo rise dunha lebre pillada por unha aguia, e déixase coller por un miñado.

Oppressum ab aquila, fletus edentem graves, leporem obiurgabat passer: “ubi pernicitas nota” –inquit- “illa est? Quid ita cessarunt pedes?”
Dum loquitur, ipsum accipiter necopinum rapit
questuque vano clamitantem interficit.

2. Comentario gramatical: Comente gramaticalmente o texto subliñado.

3. Responde a unha das cuestións.

- Funcións do acusativo, á parte da de expresar o obxecto directo da oración.
- Os complementos circunstanciais con e sen preposición.
- Distintas manifestacións da arquitectura romana do ocio en Hispania.
- Debuxa a estrutura dun campamento romano explicando as distintas partes.
- O eclecticismo romano, como corrente filosófica, está representado por Cicerón: ¿cales son os seus fundamentos teóricos? ¿Que problemas aborda e que cuestións fundamentais defende?
- Enumere os personaxes típicos das comedias de Plauto y sitúeos nalgunha das comedias que lembre.
- Diferenza entre *domus*, *villa*, e *insula*.
- Na administración romana, *Lucus Augusti* ¿era un “municipium” ou unha “colonia”? Explique o sentido de ambos os termos.

LATÍN

OPCIÓN 2

Avaliacións máximas: tradución: 4 puntos, cuestión gramatical: 2 puntos, cuestión teórica: 2 puntos cada unha.

1. Traduce UN dos seguintes textos:

Texto A

O Senado desenténdese dos cidadáns que se deixan coller vivos.

Hannibal Romanis obtulit ut captivos redimerent, responsumque est a senatu eos cives non esse necessarios, qui cum armati essent, capi potuissent. Ille omnes postea variis suppliciis interfecit et tres modios anulorum aureorum Carthaginem misit, quos ex manibus equitum Romanorum, senatorum et militum detraxerat.

Texto B

O reparto inxusto das partes da presa que fai o león.

Ego primam tollo, nominor quia leo;
Secundam, quia sum fortis, tribuetis mihi;
Tum, quia plus valeo, me sequetur tertia;
Malo afficietur si quis quartam tetigerit.
Sic totam praedam sola improbitas abstulit.

2. Comentario gramatical: Comente gramaticalmente o texto subliñado.

3. Responde a dúas das seguintes cuestións.

- A literatura universal converteu en tópicos literarios expresións horacianas tales como: «aurea mediocritas», «collige, virgo, rosas», «beatus ille», «fortuna mutabilis». ¿Que sentido tiñan nos versos de Horacio, e que significan hoxe?
- As funcións do participio.
- Diferenzas entre xerundio e xerundivo. Funcións de ambos.
- En Roma houbo dúas correntes filosóficas de moito éxito, o epicureísmo e o estoicismo: ¿cales son as súas teorías básicas e as figuras máis representativas delas?
- ¿Que trazos distinguen o teatro de Terencio do de Plauto? Cite algunha obra de ambos na que considere que se observa con maior nitidez a especificidade distintiva.
- ¿Por que o tema das *Xeórxicas* de Virxilio interesa tanto aos romanos?
- Nome das persoas entre os romanos.
- Organización urbana dunha cidade romana. Edificios conmemorativos, de servizos e de ocio.

LATÍN

OPCIÓN 1

Avaliacións máximas: traducción : 7 puntos, cuestión gramatical: 1,5 puntos, cuestión teórica: 1,5 puntos.

1. Traduce UN dos seguintes textos:

Texto A

O nacemento da política exterior romana.

Finito igitur Punico bello, quod per XXIII annos tractum est, Romani iam clarissima gloria noti legatos ad Ptolomaeum, Aegypti regem, miserunt auxilia promittentes, quia rex Syriae Antiochus bellum ei intulerat. Ille gratias Romanis egit, auxilia a Romanis non accepit. Iam enim fuerat pugna transacta.

Texto B

O can avarento perde a súa presa.

Canis per flumen carnem cum ferret natans,
Lympharum in speculo vidit simulacrum suum,
Aliamque praedam ab alio cane ferri putans
Eripere voluit; verum decepta aviditas
Et quem tenebat ore dimisit cibum,
Nec quem petebat potuit adeo attingere.

2. Comentario gramatical:

Comenta gramaticalmente o texto subliñado.

3. Responde a unha das cuestións.

- Estrutura do exército romano, mandos e armamento máis habitual.
- A adiviñación é unha arte moi considerada entre os romanos: sinala as distintas formas e o nome de quen se ocupaba de cada unha delas.
- Expón de maneira sintética a subordinación interrogativa.
- A oración de relativo habitualmente leva o verbo en indicativo, ¿que razóns se poden aducir para xustificar o uso de subxuntivo?
- ¿Por que cres que os romanos foron abandonando a súa relixión e acabaron practicando os cultos de orixe oriental?
- ¿Que se entende cando se fala de Eneas como “pius” e en que momentos concretos da trama épica se mostra como tal?
- O emperador Augusto reuniu a varios escritores para defender o seu ideal político, restaurar a antiga grandeza de Roma: ¿cales foron os máis significativos e con que obras?.
- O sistema educativo romano e o seu paralelismo cos sistemas actuais.

LATÍN

OPCIÓN 2

Avaliacións máximas: traducción : 4 puntos, cuestión gramatical: 2 puntos, cuestión teórica: 2 puntos cada unha.

1. Traduce UN dos seguintes textos:

Texto A

A derrota de Hasdrubal.

Interea in Hispania, ubi frater Hannibalis Hasdrubal remanserat cum magno exercitu, ut eam totam Afris subigeret, a duobus Scipionibus, Romanis ducibus, vincitur. Perdit in pugna XXXV milia hominum; ex his capiuntur X milia, occiduntur XXV milia.

Texto B

A prudencia do can de garda e o ladrón nocturno.

Nocturnus cum fur panem misisset cani, obiecto temptans an cibo posset capi:
Heus, inquit, linguam vis meam praecludere,
ne latrem pro re domini? Multum falleris.
Namque ista subita me iubet benignitas
vigilare, facias ne mea culpa lucrum.

2. Comentario gramatical:

Comenta gramaticalmente o texto subliñado.

3. Responde a dúas das cuestións.

- As diferentes manifestacións do dativo como complemento indirecto.
- División administrativa de Hispania nas tres fases de romanización. ¿En cal delas se constitúe a Gallaecia, que territorio abrangue e en que cidade se establece a súa capital?
- O Foro romano como centro da vida social. As súas construcións. A importancia deste espazo arquitectónico no urbanismo posterior.
- Sabes que as oracións de infinitivo levan o suxeito en acusativo, pero explica, a partir dun exemplo, a construción de infinitivo con suxeito en nominativo.
- ¿Cal era a pretensión de Plauto coas súas comedias e de que medios se valía para lograr ese obxectivo?
- ¿Cales son os elementos principais das bucólicas como xénero literario, cal é o tópico literario que lle serve de base, que nome mítico recibe o espazo ideal no que se moven os personaxes e a quen ían destinadas?
- As maxistraturas durante a República, área de responsabilidade de cada un dos maxistrados e duración do mandato.
- A organización do mes no calendario romano.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

No caso da **opción 1**, que está **dirixida ós alumnos máis interesados nos feitos de lingua**, terase en conta positivamente unha correcta visión global do texto escollido, e serán disculpados os erros puntuais, sempre que a interpretación do conxunto sexa razoablemente boa; pero o exame é sinxelo dabondo coma para non penaliza-los alumnos que escolleran esta opción, moito máis comprometida de seu cá opción 2.

A **opción 2**, **dirixida ós alumnos que se tiveran ocupado máis dos aspectos teóricos** do DCB que

da traducción mesma, fai fincapé neles: neste senso valorarase moi negativamente a simple transcripción dos cadros gramaticais do dicionario SPES/VOX.

As avaliacións máximas, tal como constaba nas follas do exame serán:

OPCIÓN 1: traducción: 7 puntos; cuestión gramatical: 1.5 puntos; cuestión teórica: 1.5 puntos.

OPCIÓN 2: traducción: 4 puntos; cuestión gramatical: 2 puntos; cuestións teóricas: 2 puntos cada unha.